




CIRCULAR INFORMATIVA PARA A COMUNIDADE

Noia, 29 de novembro de 2024

O Consello Escolar é o máximo órgano de xestión, control e avaliación do instituto, a través do cal participan no seu goberno os distintos membros da comunidade escolar.

Nun centro das nosas características, o Consello Escolar ten a seguinte composición:



Nestes momentos está en marcha o proceso electoral para realiza-la súa primeira renovación parcial, na que se elixirían, **4 novos representantes do profesorado, 2 novos representantes do alumnado e 1 novo representantes das familias do alumnado** deste centro.

No citado proceso electoral (a convocatoria formal está exposta no taboleiro da entrada).

Para presentar unha candidatura, só é preciso cubrir unha instancia que podeades solicitar na secretaría do centro.

Cada elector ten que ser identificado, motivo polo que debes presentar no momento da votación e perante da mesa electoral, calquera documento que vos acredite (DNI, pasaporte, resgardo de matrícula, etc). No seu defecto, chegaría coa identificación por parte de calquera membro da mesa electoral.

Finalmente, facer fincapé na importancia de que esteades representados no Consello Escolar, para dispoñer dunha canle de comunicación dos problemas e iniciativas que poidan xurdir do sector que representades, así como ser partícipes directos das tomas decisión que no seu seo se toman, colaborando, en definitiva, nas labores de goberno do instituto.

Esperando a vosa participación, envíovos un cordial saúdo.

O PRESIDENTE DA MESA ELECTORAL

Asdo.: Jorge Villa Martínez